

A DRAMATURXIA FEMINISTA DE MARÍA XOSÉ QUEIZÁN

ANTÍGONA. A CARTUXEIRA. NEURAS.

María Xosé Queizán sobe ao escenario desde o papel, desde o pensamento, desde un ideario fundamente humanista e busca na acción unha ferramenta de progreso, un pulo que nos afaste das tendencias neolíticas e cavernícolas que aínda perviven na nosa sociedade.

Si, textos para un teatro político, para un teatro ao servizo das ideas. Por iso estas tres obras: *Antígona*, *A Cartuxeira*, *Neuras*, son un intento de achegarse ao xénero dramático: personaxes en acción enfrontados a conflitos cos que podemos establecer paralelismos. Pero a voz obxectiva do drama, a autonomía dos personaxes e a súa emerxencia a través da propia acción, vense fracturadas por unha vontade épica, ao xeito brechtiano, que as cingue ao discurso da autora.

A escrita dramática da Queizán non é unha escrita feminina, nin masculina, nin sequera andróxina. A escrita non ten sexo en ningún caso, e menos no daquelas que non cantan as pombas e as frores, como dicía Rosalía nas súas *Follas Novas*. Trátase, porén, dunha escrita feminista que pon de manifesto as lacras que, desde sempre, comportou nacer muller,

ou converterse en muller. Ou, se es home, deshonrar á virilidade coa que a natureza te premiou, transgredíndoa ou adoptando xeitos e formas que non correspondan co modelo macho.

Antígona é o arquetipo da muller que se rebelar, que ergue a súa voz contra o poder patriarcal, a que desafia os coutos nos que a educación machista a quere confinar: o fogar, a pasividade, a submisión, o dionisiaco, a negación para a vida pública, para o pensamento. A Antígona da Queizán vai máis aló da de Sófocles no seu ímpetu por romper as metáforas concibidas desde o universo masculino. A ética intemporal de Antígona subverte a lei de Creonte e vence grazas á catarse que propicia a traxedia. María Xosé chámalle Elvira e sitúaa na Idade Media, baixo o xugo de Afonso VI, mentres don García, rei de Galiza, estaba encarcerado. Nese contexto histórico, e case mítico, no que se funda unha dualidade desigual entre Galiza e España que chega aos nosos días, *Antígona* afirmase como unha peza política.

Deste libro, *A Cartuxeira* é a obra na que os personaxes son máis autónomos da voz da dramaturga. Nese sentido, pese ás rupturas espaciais que se dan no devir das escenas, cúmprense as preceptivas básicas do xénero

dramático de raíz aristotélica, que desenvolve unha verosimilitude apoiada na mímese realista. Non obstante, non se trata dun drama de individualidades senón tamén, unha vez máis, dun drama épico, disfrazado case de melodrama desde o punto de vista da intriga: filiacións dubidasas, nais solteiras, confesións sentimentais coa escusa da baralla da cartuxeira, violación, e amoríos problemáticos, entre revelacións sorprendentes. Asemade, tamén se pode observar o drama épico nos trazos dos personaxes que, malia posuír un nome propio, individualizador, son máis ben retratos sociolóxicos, personaxes-tipo, que representan a todo un colectivo ou clase social. Un bo exemplo, alén de Lola, a protagonista, botadora de cartas, constitúeo o personaxe de Susana, a pescantina, que abre o Acto 2 cunha escena no mercado, na que tanto as súas réplicas como o espazo sonoro que se sinala nas acoutacións, deseñan á perfección o retrato sociolóxico dunha pescantina viguesa, en toda a súa polícroma complexidade. O mesmo pasará coa señora Mercedes, ou coa súa filla Amara, ambas de clase media. Unha con tódalas marcas da educación recibida: sobriedade, represión, ideas conservadoras sobre a muller, o matrimonio, presa de tódolos prexuízos herdados, a outra, Amara, intentando

Afonso Becerra de Becerreá

A C T U A L I D A D E

I.S.S.N.: 1139-4854



despegar deses patróns. Fronte a elas estarían Roque e Dani, os homes, que fican reducidos a personaxes-estereotipo, moito máis esquemáticas que as femininas: uns chulos, fachendosos e covardes.

Como Ibsen, a Queizán ofrécenos unhas personaxes femininas complexas, reflexivas, que capitanean a acción e, a través dela, cuestionan, ou fannos cuestionar a nós, as condutas que, como seres sociais, mantemos. Fronte a esas personaxes femininas, as masculinas están presas dos seus propios clichés, vítimas de si mesmos e da súa virilidade, acomplexados, que necesitan

abusar, en vinganza pola súa inferioridade.

O volume de literatura dramática de María Xosé Queizán, que edita Galaxia, remata con *Neuras*. Unha comedia urbana que mestura escenas teatrais con secuencias de vídeo, nunha colaxe de estrutura fragmentaria ao xeito das *sitcom* televisivas, pero cun desenvolvemento temporal continuo. O ritmo de comedia está logrado grazas á creación de situacións de desenvolvemento áxil con efectos cómicos de impacto inmediato. O humor vén da propia caracterización dos personaxes a través das súas patoloxías, así como das interaccións deseñadas

nas situacións, que acontecen na súa meirande parte na consulta dunha psicóloga. A bulimia, a inhibición sexual e outros traumas, xunto coa transexualidade, os prexuízos de xénero, o exame á feminidade e á masculinidade, as inclinacións sexuais alén do heterosexismo, sérvencelle á Queizán para verter unha mirada irónica, por veces sarcástica, sobre as neurax que caracterizan á sociedade contemporánea.

Unha galería de personaxes de arestora que cruzan as súas neurax e os seus destinos no diván dunha psicóloga desinhibida e moderna. E unhas secuencias audiovisuais con intres morbosos como o das monxas gozando luxuriosamente cos seus cilicios en orxía lésbica, interrompendo as levitacións místicas de Santa Teresa e facéndoa caer de cu. Ou o vídeo das "lobas" que, como bacantes, se erixen nas que mandan e gozan do corpo masculino, para rematar berrando: "¡¡Somos as terroristas do sexo!!".

Desde o teatro, cómpre celebrar con ledicia e aplausos, a dramaturxia da Queizán, porque sabe achegarnos os ingredientes básicos para un gozoso espectáculo, que son, sen dúbida, lucidez e diversión.

A C T U A L I D A D E